



INFORMACIÓN PÚBLICA SOBRE O PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO PARA O CURSO 2024/2025

CALENDARIO DO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA

SOLICITUDE DE RESERVA

- **Solicitud de reserva** de praza no centro de adscrición mediante a presentación do **Anexo I e Anexo I-bis (modelo ED550A)** no centro de orixe: **15 de xaneiro - 5 de febreiro**, ambos os dous incluídos.

A reserva adquirirá carácter vinculante polo que, se a/o alumna/o resultase admitida/o, deberá formalizar a matrícula en tempo e forma no centro de adscrición.

- Publicación de postos escolares vacantes: **antes do 1 de marzo**.

SOLICITUDE DE ADMISIÓN

- **Para alumnado de nova incorporación (3 anos) ou procedente doutros centros distintos dos adscritos.**
- Cada alumna e alumno só pode presentar unha única solicitude de admisión. Na solicitude poderá indicar ata seis centros na orde de prioridade que desexe. Deberá presentala no centro no que solicite praza en primeiro lugar de preferencia. A infracción desta norma (é dicir, a presentación de solicitudes en máis dun centro) determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

Solicitud de admisión mediante a presentación do **Anexo II e Anexo II-bis (modelo ED550B)** no centro solicitado no primeiro lugar de preferencia: **1-20 de marzo**.

- Presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo (só no caso de haber maior número de solicitudes que de prazas ofertadas): 21 de marzo ao 11 de abril, ambos os dous incluídos.
- Publicación das **listaxes provisionais de persoas admitidas** e non admitidas: **o 25 de abril**.
- Reclamacións ás listaxes provisionais: nos 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación.
- Publicación das **listaxes definitivas de persoas admitidas** e non admitidas: **o 15 de maio**.
- **Adxudicación subsidiaria** de praza **noutro centro** ao alumnado non admitido (por parte da comisión de escolarización, tendo en conta os centros solicitados no modelo ED550B no 2º lugar e seguintes).

As solicitudes de admisión, dirixidas á dirección do centro no que solicite praza en primeiro lugar de preferencia, presentaranse mediante un formulario normalizado. Este formulario estará dispoñible para as familias e poderase entregar nos seguintes lugares:

- a) Recollendo o formulario Anexo II e Anexo II-bis (modelo ED550B) gratuitamente no centro educativo e entregándoo no centro solicitado en primeiro lugar.



- b) Descargando a solicitude na dirección <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado> e entregándoo no centro solicitado en primeiro lugar.
- c) Entregándoa a través da sede electrónica da Xunta de Galicia a través da aplicación web “admisionalumnado”: <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>

No caso de presentar solicitude de admisión (Anexo II e e Anexo II-bis) noutro centro distinto, deberá comunicalo, ao mesmo tempo, neste centro. O alumnado con garantía de permanencia perderá esta cando resulte admitido con carácter definitivo noutro centro.

MATRÍCULA

- Formalización da **matrícula** en E. Infantil e Primaria: 20 de xuño – 30 de xuño.

NORMATIVA REGULADORA

DECRETO 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG 11 de febreiro de 2022)

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220211/AnuncioG0598-040222-0004_g1.html

ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C). (DOG 8 de novembro de 2022)

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20221108/AnuncioG0655-281022-0001_g1.html